



Curso 2020-2021

Plan de acollida

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elabora este **Programa de Acollida**. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo, Equipo COVID e coas achegas do profesorado do centro.

Os obxectivos deste plan de acollida, que se desenvolverán ao longo do curso, son:

- a) Acoller alumnado e familias no mes de setembro tendo especial consideración polas diferentes situacións emocionais vividas durante o tempo de ausencia obrigada do centro.
- b) Axudar ao alumnado a xestionar as súas emocións mediante programas e actividades específicas desenvolvidas por titores/as e polo departamento de orientación. Procurarase, en colaboración con docentes e titores, unha detección temperá de posibles dificultades emocionais no alumnado.
- c) Axudar ao alumnado no manexo das ferramentas informáticas implementadas para este curso escolar.

Nos primeiros días do curso, nas presentacións e nas aulas, informarase a toda a comunidade da organización e das normas que a situación sanitaria esixe. Os documentos COVID para as familias e o alumnado, así como o programa de acollida, difundiranse entre a comunidade educativa a través das canles habituais, preferentemente por vía telemática.

Presentacións

As presentacións para o alumnado terán lugar na pista polideportiva cuberta do IES.

Horarios [enlace](#)

Nas presentacións proporcionarase a seguinte información:

- Titores/as do grupo
- Horario de entradas e saídas
- Portas de entrada e saída
- Normas de uso para os espazos comúns
- Principais medidas impostas no protocolo de adaptación ao contexto Covid 19 do IES.

Unha vez recibida e comprendida toda a información, os grupos accederán, acompañados dos seus titores e titoras, ás súas clases. Os titores/as informarán ao alumnado de:

- Horario de grupo
- Lugar que ocupan na aula
- Medidas de hixiene na aula
- Pautas para desprazarse dentro do centro
- Aseos asignados ao grupo
- Lugar asignado no patio de recreo

Todas estas informacións están detalladas máis por extenso na páxina web do instituto (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/>).

Horarios, entradas e saídas

Este curso, o alumnado accederá directamente ás aulas, sen parar nin no patio nin nos arredores do centro. O profesorado de 1ª hora agardará polo alumnado na aula. O tránsito das saídas e entradas estará regulado polo profesorado de garda. A saída será tamén directamente ao exterior, sen paradas previas. Nas entradas e saídas porase especial atención en evitar os agrupamentos de alumnado.

Horarios de entrada e saída:

1º e 2º de ESO: Entrada (directos á clase): entre 8:25 h e 8:30 h. Saída (directos á rúa): 14:00 h.

3º e 4º de ESO: Entrada (directos á clase): entre 8:30 h e 8:35 h. Saída (directos á rúa): 13:55 h

1º e 2º de Bach: Entrada (directos á clase): entre 8:35 h e 8:40 h. Saída (directos á rúa): 13:50 h.

Establécense tres vías de entrada diferenciadas ao centro:

Entrada 1. O alumnado que teña clase a primeira hora na planta primeira accederá pola porta principal.

Entrada 2. O alumnado que teña clase a primeira hora na planta baixa ou na segunda planta accederá ás instalacións do centro tamén pola porta principal, pero, no momento de entrar ao edificio, desviará o seu camiño para tomar a entrada que hai á esquerda das escaleiras.

Entrada 3. O alumnado que teña clase a primeira hora na planta terceira andar do centro accederá pola porta superior (por Secretaría). Se algún destes alumnos entra pola porta principal (R/ Francisco Asorey) cruzará o lateral da cancha deportiva, subirá polo corredor anexo ao edificio que atravesa o xardín (“hortensias”) e accederá ao centro pola entrada superior (Secretaría).

Ver anexo “Portas de acceso”

Durante as primeiras semanas do curso

- Repasaranse cada día as normas básicas de prevención e hixiene.
- Realizaranse actividades formativas para a mellora da competencia dixital a través de actividades programadas desde vicedirección, titorías e equipo TICs.
- Prestarase especial atención aos aspectos emocionais e sociais mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión. Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos.

O profesorado

O profesorado será o principal garante de que se cumpran as normas con rectitude.

Informarase das medidas prevención e hixiene ao inicio do curso e ocuparanse, ademais do seu traballo, de pequenas tarefas (ventilación, acompañamento de grupos, etc.).

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na COVID así como naqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

Todo o profesorado do centro debe ter unha formación básica que lle permita empregar as aulas virtuais, tal e como xa fixo no curso 2019/2020, aínda que é preciso afondar neste aspecto. Neste ano escolar 2020/2021 o centro solicitará liñas de traballo do PFPP e cursos on line para a actualización desta formación.

En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica).

CONSIDERACIÓNS PEDAGÓXICAS: Este curso, a maiores dos obxectivos educativos de cada etapa e materia, a aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias será un eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten neste momento histórico de pandemia sanitaria.

Contactos

Comunicacións e atención

Todos os plans, organización e normas do centro para o curso 2020-2021 estarán expostos na web do instituto:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/>

Atención secretaría/dirección

Sempre que sexa posible a comunicación e petición de servizos farase por teléfono ou correo electrónico.

TELÉFONO: 988391249 CORREO ELECTRÓNICO: ies.couto@edu.xunta.gal

Titorías

Nas reunións de titorías e nas comunicacións coas familias por outros motivos priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Como é habitual, levarase un rexistro documental destas comunicacións. En calquera caso, celebraranse sempre solicitando CITA PREVIA no teléfono anterior. Os titores/as proporcionarán ao seu alumnado os medios dos que dispón para atender estas cuestións. Non se contemplan casos excepcionais que requiran neste momento a titoría presencial.

Dpto. Orientación

Priorizarase a comunicación por correo electrónico, teléfono ou videochamada. Como é habitual, levarase un rexistro documental destas comunicacións. Só se atenderá presencialmente en casos excepcionais, previamente acordados por teléfono ou correo electrónico coa orientadora e sempre con CITA PREVIA.

Correo electrónico do departamento de Orientación do centro é: soniaferro@iesocouto.com

Procedemento de solicitude de entrevista por parte das familias:

1. Chamada ao instituto (988 391249) para acordar se procede reunión presencial. Se nese momento non é posible a conversa, deixaranse os seguintes datos de contacto:
 - Nome da persoa que chama
 - Teléfono de contacto da persoa que chama
 - Correo electrónico da persoa que chama
 - Nome e curso d@ alumn@ motivo da chamada
2. Confirmación da resposta telefónica ou por correo electrónico por parte da orientadora coa correspondente resposta e/ou CITA PREVIA, se procede.

IMPORTANTE: Non se atenderán entrevistas presenciais no centro sen cita previa.

Equipo COVID

As notificacións, ausencias motivadas pola situación derivada da COVID ou dúbidas realizaranse a través do teléfono do centro e no correo electrónico do equipo COVID.

CORREO ELECTRÓNICO: equipocovid@iesocouto.com

Equipo TICs

O equipo TICs, a través da Aula Virtual do centro, asistirá as necesidades en materia de tecnoloxía da información e a comunicación de alumando e profesorado e revisará os medios e equipos informáticos da comunidade educativa. Se na Aula Virtual non se atopase unha solución, o equipo dispón dun correo electrónico propio (tics@iesocouto.com).